

PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TALA E ROZA NO CONCELLO DE CULLEREDO

Artigo 1.- Obxecto

Constitúe o obxecto do presente prezo público a utilización do servizo de corta de eucaliptos, pinos e acacias e/ou desbroce de toda biomasa arbustiva e subarbustiva no espazo rural e dos asentamentos de poboación no Concello de Culleredo.

Este servizo incluírá a destrución in situ, por triturado, da biomasa, así como o desembosque da madeira talada.

A madeira talada pertencerá aos propietarios dos terreos.

Artigo 2.- Obriga de pagamento

Estarán obrigados ao pago do prezo público aquelas persoas que soliciten e se beneficien dos servizos antes indicados, entendendo por tales os propietarios dos terreos sobre os que en cada caso se actuara.

Artigo 3.- Nacemento da obriga e normas de xestión e ingreso¹

O nacemento da obriga prodúcese coa realización dos traballos de tala e roza, previa solicitude do interesado.

O abono dos prezos que se establecen farase unha vez que o servizo sexa prestado, previa liquidación practicada polo Concello de Culleredo en función da superficie sobre a que en cada caso se tivera actuado.

No caso de que o concello, en aplicación da lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais, deba proceder a execución de forma subsidiaria de traballos de xestión da biomasa que correspondan aos propietarios de terreos, o custe respercudido aos mesmos será o que en cada caso supoña para o concello os traballos realizados, tendo os importes recollidos no artigo 4 a estes efectos só un valor estimativo.

Artigo 4.- Importe²

A contía do prezo público axustarase á seguinte estrutura:

	Traballos de xestión da biomasa	€/m ² (IVE incluído)
m ²	Desbroce por medios mecánicos non selectivo de matogueira leñosa realizado mediante apero de cadeas e pendente inferior ao 30% incluída carga e transporte a vertedeiro autorizado	0,22
m ²	Desbroce e limpeza de solares urbanos por medios mecánicos cunha superficie maior de 1000 m ² , incluída carga e transporte de residuos a vertedeiro autorizado	0,22
m ²	Desbroce e limpeza de solares urbanos por medios mecánicos cunha superficie menor de 1000 m ² , incluída carga e transporte de residuos a vertedeiro autorizado	0,44
m ²	Desbroce e limpeza de terreo mediante ferramentas manuais de crte, incluíndo carga e transporte de residuos a vertedeiro autorizado	0,51

1 Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 19/9/2013. Publicación no BOP nº 224, de 25/11/2013. En vigor dende o 26/11/2013

2 Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 19/9/2013. Publicación no BOP nº 224, de 25/11/2013. En vigor dende o 26/11/2013

m ²	Tala de pinos, acaulíptos e acacias incluídos nas faixas de xestión da biomasa (a madeira talada quedará depositada no terreo e será xestionada polo propietario)	0,49
----------------	---	------

Estes prezos, que inclúen o IVE correspondente, veranse rebaixados no caso de que os terreos sobre os que se actúe estean incluídos no Programa de actuación do Concello de Culleredo en concordancia coa planificación preventiva do Distrito Forestal dentro do Convenio de colaboración que cada ano se asine coa Xunta de Galicia para a participación na protección de núcleos rurais mediante a realización de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais nas faixas de especial protección. Neste caso a contía do prezo público será a que segue:

	Traballos	€/m ² (IVE incluído)
m ²	Tala	0,033 €
m ²	Eliminación restos tala	0,021 €
m ²	Desbroce	0,053 €

O prezo público comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2009, unha vez que se realicen as devanditas publicacións e que transcorra o prazo previsto no artigo 65.1 da lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.